



O Plan de Piscicultura non só delata a febleza da Xunta perante as multinacionais do sector. Falta un modelo para as actividades pesqueiras e para a conservación do litoral.

# Ameazas contra o litoral

Xabier Vázquez Pumariño **Texto**

Jack Gladney é un profesor universitario que vive nunha acomodada área residencial. Cando un escape tóxico ameaza a súa plácida existencia, Gladney manifesta a súa incredulidade ante o feito do seguinte xeito:

*"Iso é algo reservado á xente que vive en remolques nas zonas máis degradadas do condado, rodeada de piscifactorías".*

Esa é exactamente a imaxe da pobreza e da vulgaridade que o extraordinario e visionario escritor norteamericano Don DeLillo describe na magnífica novela *White Noise* publicada por Seix Barral co título de *Ruído de Fondo*. A novela, e aquí está parte da graza, foi publicada en 1984, é dicir, hai 23 anos. Para un galego, hoxe, quero supoñer, isto debera ser unha apreciación sorprendente e digna dunha fonda consideración

posto que o goberno que votamos así como o partido da oposición coinciden na súa pretensión de encher de piscifactorías o litoral galego, algo que noutros lugares, polo visto, consideran dende hai un cuarto de século a imaxe mesma da degradación.

Tras a paralización da ilegal industria piscícola en Cabo Touriñán, e tras manifestacións e protestas varias, parece admitirse, xa eran tempos, que efectivamente este tipo de instalacións industriais teñen un forte impacto ambiental nos lugares onde se asentaron: ocupan grandes superficies de terreos á beira do mar, de altísima calidade ecolóxica, paisaxística e cultural, e onde as augas teñen unha excelente calidade que se ve significativamente minguada unha vez que a planta entra en produción. Neste senso parece un avance que, polo menos, se debata publicamente sobre esta actividade logo da nefasta her-

danza do anterior goberno onde se permitiu e alentou a destrución de lugares excepcionais como o Cabo Vilán.

É moi significativo que o novo Goberno da Xunta elabore un Plan de Piscicultura. Con el, explicita a súa debilidade de varios xeitos. En primeiro lugar, debilidade fronte a un grupo de multinacionais que de xeito brutal e vergoñento apertan e chantaxean, mesmo simulando "desvíos de investimento" a

Portugal, empregando os convenientes escudos humanos para iso, é dicir, os supostos postos de traballo, cos que se gañan a poboacións en decadencia, de escasos recursos e ferramentas. Un comportamento empresarial que un imaxina en países africanos, non en Europa. En segundo lugar, a Consellería de Pesca, neste caso, evidencia unhas carencias máis que alarmantes no modelo que propón para a pesca, o marisqueo e as actividades económicas ligadas ao mar, obxecto da súa xestión, ou máis ben, unha ausencia de modelo.

Co novo Plan de Piscicultura ábrese a posibilidade de sepultar baixo o cemento un total de 26 espazos naturais dos que a metade son ampliacións das plantas xa existentes. Baste citar como exemplo da desfeita que o Parque Natural de Corrubedo quedará cercado por instalacións industriais nun exercicio

## Co novo Plan de Piscicultura ábrese a posibilidade de sepultar baixo o cemento un total de 26 espazos naturais. Baste citar como exemplo da desfeita que o Parque Natural de Corrubedo quedará cercado por instalacións industriais.

máis próximo ao xogo do Tetris que á planificación territorial.

A elaboración deste novo Plan de Piscicultura por parte da Xunta só é explicable pola citada presión das empresas e pola falla dun modelo claro baixo o prisma da sostibilidade, alentando deste xeito cementar algunha das áreas máis valiosas dos noso litoral e ao mesmo tempo que son regaladas a determinadas empresas.

### As eivas do Plan

Este plan contén eivas paradigmáticas. Conta cunha memoria de viabilidade ambiental que tan só avalía os diferentes proxectos en función da situación das piscifactorías. Aquí xorde a figura da Rede Natura 2000. Cómpre sinalar, unha vez máis, que dita rede é un instrumento europeo de protección da biodiversidade con enfoque precisamente europeo e que dá cumprimento a un par de directivas comunitarias traspostas á lexislación estatal. A responsabilidade do seu cumprimento, en todas as fases recae na Xunta de Galicia.

Neste punto é necesario facer un par de puntualizacións importantes. Por unha banda, a Rede Natura 2000 protexe (debera protexer, no caso galego) fauna, flora e hábitats con interese europeo. Por outra banda, a definición da Rede no caso galego foi feita polo anterior goberno con graves carencias posto que se deixan fóra elementos recollidos na lei mentres que outros se protexen escasamente, ben por simple desleixo e incompetencia dos responsables, ben por afinados cálculos co fin de situar activi-



En Corrubedo, as piscifactorías estarían sobre hábitats de interese comunitario. Foto: Q. López

dades como as piscifactorías. Retomando o exemplo de Corrubedo, as piscifactorías propostas estarían sobre hábitats de interese comunitario que casualmente non están recollidos na Rede Natura 2000.

Polo tanto, o impacto ambiental do novo Plan de Acuicultura é desmedido, posto que arrasará valiosos espazos naturais, "protexidos" ou non, coa súa flora, fauna e hábitats recollidos, en teoría, na lei. Moi mal asesoran ao presidente Touriño aqueles que o convencen de que o seu Plan de Acuicultura non vai estragar o medio ambiente. É alarmante que o asesoramento proveña do seu propio Goberno e da estrutura administrativa da Xunta.

Quizais o máis grave deste asunto é a flagrante contradición. Mentres se cociña o Plan de Acuicultura, a Xunta mantén en vigor o Plan de Protección do Litoral coa súa moratoria de construción a 500 metros da liña de costa. Pero isto non é todo: tamén se está a preparar unha nova lei para a protec-

ción e a conservación da paisaxe.

Obviamente son tres accións que chocan entre si frontalmente e amosan a falla dun proxecto coherente para o territorio, a economía e a cultura. Hai que engadir que todos os cidadáns deberíamos ser tratados de xeito equitativo: se unha multinacional pode destruír o litoral (inda por riba con subvencións públicas) por que non o imos poder facer calquera?

Con ser importante o impacto ambiental no litoral galego da piscicultura por razóns locais ou de situación, no seu estudo de viabilidade ambiental habería que considerar obviamente o impacto sobre os caladoiros de todo o planeta así como as ferverzas de enerxía que se dilapidan neste modelo antiecolóxico de produción debido á captura e traslado do alimento. Agardemos que o Plan de Acuicultura sexa sometido á pertinente Avaliación Ambiental Estratéxica, tal e como dita a lei, e nese punto se free a desfeita.